

SAN MARTIÑO DE MEANOS (SAN MARTIÑO)

Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema


San Martiño de Meanos, no Antigo Réxime, formaba parte da xurisdición señorial de Xallas. O couto das Edreiras tiña xurisdición propia. É a parroquia máis extensa do Concello de Zas; a súa extensión é de 14,8 km².

Tres elevacións por enriba dos 400 metros bordean a parroquia: o monte de Roma (469 m), nos lindes coa parroquia homónima; o Brondo (457 m), na confluencia coas parroquias de Santa Sía e Loroño; e Os Campelos (437 m), non moi lonxe de Rial de Arriba. Preto desta aldea está a Braña da Calzada, compartida coa parroquia xalleira de Cícere (Santa Comba), unha zona de difícil drenaxe sobre a que se conta a repetida lenda relativa á existencia cidade asolagada.

Conta cos seguintes núcleos de poboación: A Atalaia, As Edreiras (que civilmente pertence a Meanos e eclesiasticamente a San Adrián de Castro), Froxán, Langueirón, A Mámoa, Maxín (que desde o 2012 non ten ningún veciño), Meanos, Rial de Arriba, San Martiño, Vila e Vilar de Lamas.

Da súa **evolución demográfica** contamos cos seguintes datos: 40 veciños (anos 1598 e 1607), 60 vc. (1651), 91 vc. (1708), 70 vc. (1741), 76 vc. e 326 hab. (1753), 110 vc. e 414 hab. (1761), 100 vc. (1768), 346 hab. (1787), 60 vc. (1791), 104 vc. e 500 hab. (1826), 78 vc. e 291 hab. (1836), 79 vc. e 395 hab. (1845), 515 hab. (1887), 130 vc. e 631 hab. (c.1928), 783 hab. (1940), 120 vc. e 869 hab. (1958), 123 vc. e 807 hab. (1965), 144 vc. e 970 hab. (1970), 845 hab. (1981), 850 hab. (1991), 685 hab. (2001), 606 hab. (2006), 543 hab. (2011), 504 hab. (2014), 499 (2015) e 489 (2016). As súas aldeas foron tendo, ó longo do séc. XXI, os seguintes habitantes

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
MEANOS	685	678	657	642	622	606	600	582	563	550	543	533	519	504	499	489
Atalaia (A)	3	3	3	3	2	2	1	1	1	1	4	4	4	4	4	4
Edreiras (As)	10	10	10	13	13	12	9	10	9	9	9	8	10	10	7	7
Froxán	15	15	15	14	14	14	14	13	13	13	13	14	13	12	12	12
Langueirón	142	144	133	130	123	121	118	113	116	115	116	118	109	104	103	100
Maxín	3	3	3	3	3	2	2	2	2	1	1	0	0	0	0	0
Meanos	239	233	230	221	213	209	208	203	195	191	184	179	178	176	178	176
Rial de Arriba	85	83	79	73	72	68	68	67	60	59	58	56	54	52	44	39
San Martiño	23	23	23	21	21	23	23	23	20	19	18	18	17	17	18	18
Vila	117	117	115	118	116	112	115	110	110	107	107	106	102	98	100	99
Vilar de Lamas	48	47	46	46	45	43	42	40	37	35	33	30	32	31	33	34
Porcentaxes %	100	99	95.9	93.7	90.8	88.5	87.6	85	82.2	80.3	79.3	77.8	75.8	73.6	72.85	71,39
CONCELLO %	100	98,7	97,0	95.2	93,8	92.1	90.1	88.6	87.4	86.0	84.7	82.9	80.9	79.6	78.7	77,37




Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes

Posible orixe dos nomes de lugar da parroquia*

A **Atalaia** é un topónimo de entrada relativamente recente, pois procede da palabra árabe *at-talai* 'os sentinelas': dá idea dun lugar elevado, desde o que pode observar un amplo panorama. **Froxán** está en relación co primitivo poboador destas terras, un tal Froilán (<*villa*) *Froilanii*). **As Edreiras** (ou **As Hedreiras**, como tamén aparece escrito nos documentos) evoca un lugar rico en hedras (< lat. *hedera*). **Mámoa** revela a existencia dun enterramento funerario da época megalítica (a palabra procede do lat. *mammula*, diminutivo de *mamma* 'mama, seo', pola semellanza na redondez do túmulo funerario coa teta ou mama feminina). **Maxín** procede de (*villa*) *Maginii* 'casa e terras de Maxín'. **Meanos** procede talvez do lat. *Medianos* (que debería dar *Meáns, pero non foi así, seguramente por influencia culta, da Igrexa). **Rial** procede dunha palabra latina medieval, *regale*, derivada do tamén verbo latino *rigare* 'regar' (posiblemente tal nome se deba a un curso de auga para regar as leiras). **San Martiño** é un haxiotopónimo creado en torno á igrexa parroquial (que está baixo o padroado deste santo), que se construiu aquí e non no lugar de Meanos, como era de esperar. **Vila** procede do lat. *villa* (propiedade agraria dun único dono habitada en época romana). **Vilar de Lamas**: a primeira parte deriva en orixe do lat. *villa* (co significado que xa se comentou), pero aquí fai referencia a un asentamento medieval dun grupo de persoas (a segunda parte "de Lamas" serviu para diferencialo do lugar de Vilar da parroquia deste nome, que tamén se soe especificar denominándoo "Vilar de Tines").

* Datos tomados, en boa parte, de diversas publicacións de F. Cabeza Quiles, a quen tamén lle fixemos consultas persoais para esta e para outras parroquias do concello.

Igrexa parroquial de San Martiño de Meanos



Atópase na zona central do lugar deste nome, orixinado sen dúbida con posterioridade á construción da igrexa. Exteriormente chámanos a atención a fachada, toda ela construída de cantería, que en parte nos recorda á da parroquial de Zas. Se trazásemos un eixo vertical imaxinario que pasase polo centro da fachada, teriamos: a porta principal, rematada nun arco de medio punto; unha ventá rectangular; un nicho contendo unha imaxe pétreo representando ó patrón, san Martiño, vestido de bispo; unha arcada de medio punto con formas de placa barrocas nos seus extremos e un cornixamento moi pronunciado.

Enriba deste pedestal vai a torre-campanario, que se eleva a gran altura (coma a de Zas): está conformada por un único corpo -onde se situaron as campás (a de Zas ten dous corpos)- e unha curiosa cúpula case bulbosa sobre un tambor octogonal. con arquiños abertos a cada un dos lados. Aínda que en principio as formas responden á arquitectura barroca do séc. XVIII, sabemos por experiencia que os nosos canteiros seguiron construíndo este tipo de campanario durante todo o séc. XIX.

Na arquitectura interior chámanos a atención o presbiterio, de boa cantería (con pezas ben cortadas e puídas), cuberto cunha bóveda arestada, moi propia da arquitectura neoclásica dos derradeiros anos do séc. XVIII. O arco triunfal de ingreso a esta capela maior voltéase sobre placas de filiación barroca, que aínda perdurarán ó longo de moitos anos.



Arco de ingreso ó presbiterio da igrexa de San Martiño de Meanos [foto XMLS]

O retablo maior da igrexa de San Martiño

Consta de dous corpos e tres paneis separados por columnas panzudas; trátase dun retablo barroco-rococó, seguramente realizado entre 1770 e 1800. Sospeitamos que nestes últimos anos do séc. XVIII este templo sufriu unha transformación case completa, pois hoxe non se ve vestixio ningún anterior a estas datas: construíuse unha nova nave e unha nova capela maior, para a que se encargou a medida un retablo; quizais foi con motivo desta transformación da igrexa cando as autoridades eclesiásticas de Santiago mandaron enterrar no exterior da igrexa un xigantesco santo Cristo de pedra recentemente descuberto (era o que habitualmente se facía cando se retiraba do culto unha imaxe).

Este retablo é de aceptable calidade. Recentemente, en 1990, foi restaurado e repintado por un pintor de Santiago, que falecería uns anos despois. Nel colocáronse as seguintes imaxes, posiblemente todas elas da época do retablo; no corpo superior ou ático: **san Xosé** (coa vara florida nunha man e o neno Xesús no colo); **san Martiño** (o patrón, vestido de bispo, co báculo episcopal nunha man e a tiara na cabeza); **santo Eutelo** (coa tiara ou gorro papal na cabeza, o báculo de tres cruces na man); no corpo principal: **santo Antonio de Padua** (imberbe, co hábito franciscano e o neno no colo), a **Virxe María** e **san Roque** (vestido de peregrino).



Retablo maior de San Martiño, de estilo barroco-neoclásico de finais do séc. XVIII [foto XMLS; 2015]




Imaxe de san Martiño, caracterizado como bispo,
do retablo maior da igrexa [foto XMLS]



Imaxe de santo Eutelo, do retablo maior,
avogado contra a rabia [foto XMLS; 2015]

Na nave hai **dous pequenos retablos laterais**: un dedicado a **santa Lucía** (na parede norte, neoclásico, de fins do séc. XVIII). O outro, situado na parede sur, non é o que se di propiamente un retablo, senón un **curioso panel coa imaxe da Virxe das Dores** no centro, a xeito de tronco de árbore do que agroman catro pólas, grosas e un tanto reviradas; nelas nacen unhas azucenas de cor branca que serven de peñas a diminutas imaxes (san Antón, san Francisco, a Inmaculada, etc.). Coroando o conxunto, na parte superior, un relevo representando ó Padre Eterno (un ancián de longas barbas e calvo, en actitude de bendicir e coa bóla do mundo baixo a man esquerda).



O Santo Cristo de pedra de Meanos, unha imaxe "aparecida" en 1990

A caseta acaroada ó muro norte do presbiterio da igrexa parroquial dedicouse exclusivamente a gardar unha xigantesca imaxe dun Santo Cristo de pedra, que se colocou deitado sobre un corpo prismático recuberto con pranchas de mármore, no que se gravou a seguinte inscrición: "*SANTO CRISTO/ HALLADO EN ESTE MISMO LUGAR/ EL DIA 5 DE JUNIO DE 1990/ CON MOTIVO DE LAS OBRAS/ DE RESTAURACION DE ESTA IGLESIA*".

En efecto, a mediados do ano 1990 os veciños de Meanos andaban ocupados na tarefa da restauración da súa igrexa parroquial. O 5 de xuño, uns operarios da empresa de construción de Andrés Cancela, de Zas, empezaron a cavar no chan da caseta norte para botarlle un novo piso e atoparon unha gran estatua de pedra debaixo da terra; desenterrárona e viron que correspondía a un santo Cristo.

Os veciños da parroquia alegráronse, como era lóxico, e axiña deron a coñecer a noticia avisando á prensa deste feliz achado. Mentres continuaban as obras de reparación do templo e do retablo, o crucificado estivo exposto ó público na nave do templo, sobre unha mesa, colocándoselle ó seu carón unhas flores e unha cestiña para recoller donativos para unha axeitada restauración, e mais para construírle unha cruz de pedra co fin de que puidese recibir culto no templo. Naqueles días pasou moita xente ver a escultura.

GALICIA La Voz de Galicia, viernes, 15 de junio de 1990



Los vecinos, que han comenzado a recaudar fondos para restaurar la imagen, pretenden que ésta se quede en la parroquia

Es un ejemplar único en la archidiócesis de Santiago

Hallan enterrado en Zas un Cristo de piedra de mediados del siglo XVII

Zas (Por X.A.). Una imagen del Cristo descubierta la semana pasada en las inmediaciones de la iglesia parroquial de San Martiño de Meanos, en Zas, por unos obreros que realizaban la restauración del templo, data de mediados del siglo XVII. El hecho de estar tallada en piedra y su tamaño —143 centímetros— la convierten en un ejemplar único en toda la archidiócesis de Santiago. En principio, se cree que pudo ser enterrada hacia finales del siglo XVIII por orden de algún obispo o visitador

ADETT

Noticia do achado do Cristo de Meanos na prensa



O *Santo Cristo de Meanos* é unha gran imaxe pétreas de 1 m. 43 cm. de altura -da cabeza ós pés-, crucificado con tres cravos sobre unha cruz, posiblemente de madeira, que xa non se conserva (non se atopou resto ningún dela no lugar do enterramento).

A cruz debeu estar situada no muro testeiro da igrexa, sobre o altar maior, cando o actual retablo aínda non existía. Foi mágoa que os veciños e o párroco da freguesía, tras o desenterramento de 1990, non o colocasen nunha nova cruz de xeito vertical no muro leste da caseta que hoxe ocupa.

O seu corpo parece describir unha liña helicoidal, unha especie de movemento en -S- bastante acentuado ó estar a cabeza ladeada cara á dúa dereita e as pernas dispostas cara á súa esquerda. Ten os ollos pechados, coma se estivese adormecido ou xa morto (o que lle dá á figura certa impresión de serenidade, acrecentando así a súa maxestividade). Circundando a testa leva unha coroa de espiños moi voluminosa, tallada directamente na mesma cabeza. Un mechón dos seus ondulados e caligráficos cabelos cae sobre o seu ombro dereito cubríndolle a orella dese lado, outro mechón cae sobre as costas do lado esquerdo deixando ó descuberto a orella. A barba é moi recortada, e tallouse formando múltiples bucles.



Cabeza do Cristo de Meanos, vista en sentido vertical, como debeu estar na igrexa antigamente [foto XMLS]



O seu tórax é recto, e nel obsérvase certo intento - aínda moi tímido- de transcribir a anatomía interna (o arco costelar e as propias costelas). No medio e medio do peito fíxose un burato que aínda conserva os restos do ferro de suxeición da figura á cruz xa perdida (que tamén debeu de ser de pedra); hai outro burato para facilitar a suxeición nas inguas. Os brazos, rexos, están completamente abertos e estricados, dobrándose un pouco polos cóbados; as pernas tamén son de gran robustez e, moi dobradas polos xeonllos, vólvense ostensiblemente cara á súa esquerda, feito que acentúa a composición helicoidal da que xa falamos nun principio; os dous pés craváronse utilizando un único cravo (o pé dereito montado sobre o esquerdo).

Consideramos que esta figura foi esculpida a mediados do séc. XVII, contra o ano 1650 ou uns anos despois, e pódese encadrar dentro do estilo barroco primitivo, malia de que aínda se aprecian nela características moi acentuadas do estilo anterior, o manierismo (último movemento renacentista). Na Terra de Soneira existen outros Cristos desta época, con características semellantes, pero ningún deles alcanza este tamaño; todos eles de madeira: o máis parecido a este é o que se conserva na parroquia de Salto, de 1 m de altura; en Baio hai outro crucifixo do séc. XVII, realizado en 1640.



Pés cravados cun único cravo [foto XMLS]



Pano de pureza e tórax do Cristo de Meanos, visto en sentido vertical [foto XMLS; 2011]


A obriga de enterrar as imaxes retiradas do culto

Non debe estrañarnos o feito de que o Cristo de Meanos se fose atopar enterrado baixo o chan dunha das construcións acaroadas á igrexa. Noutros tempos, cando unha imaxe se retiraba do culto porque se adquiría outra nova no seu lugar (ou o seu espazo era ocupado por un retablo, como parece ser o caso), o visitador pastoral, transmitindo as ordes do arcebispo, mandáballe ó crego que a imaxe vella se enterrase para evitar que a xente seguise venerando imaxes que perderan a bendición: temíanse cultos e prácticas supersticiosas. Iso foi posiblemente o que lle pasou a este xigantesco Cristo, que sen dúbida ningunha recibiu culto neste mesmo templo en séculos

anteriores: seguramente foi a finais do séc. XVIII cando se enterrou na caseta lateral, pois o lugar onde estaba situado -¿o testeiro da capela maior?- ía ser ocupado polo retablo que vemos hoxe. Para termos certeza de todo o que aventuramos en base ás características da talla e á comparanza con outros casos semellantes, habería que investigar a fondo nos libros de fábrica do arquivo parroquial de Meanos, onde se podería atopar nos correspondentes ós séculos XVII e XVIII algunha que outra mención documental a este grandioso Cristo de pedra.



Finalmente, é digna de análise a reacción popular dos veciños de Meanos ante o achado desta talla. En xeral foi positiva, pois o Cristo tomouse como algo propio da parroquia enteira. Polo que se puido ver nesta parroquia, aínda está moi vivo o fervor e o agarimo con que popularmente se acolle o encontro casual de imaxes. Noutros tempos, este feito habería de ser considerado milagroso, na crenza de que o Cristo quixera aparecer neste preciso lugar e non noutro. E non habería no mundo forza humana capaz de movelo do sitio: grandes santuarios de sona universal tiveron a súa orixe en aparicións "milagrosas" deste tipo: a Virxe do Rocío en Almonte (Huelva), Nosa Señora de Montserrat en Cataluña, a Virxe de Guadalupe en Estremadura, os Milagres de Amil en Moraña-Pontevedra, etc. Hoxe en día, os fregueses de Meanos trataron tamén con moito agarimo a súa imaxe "aparecida", pois cumpriron co rito de destinalle para o seu culto o mesmo lugar onde se atopou (a caseta) e mesmo lle crearon unha festa popular, a celebrar o domingo seguinte ó 5 de xuño. No seu día imprimíronse tamén estampas co seu retrato.



O Cristo de Meanos debía verse máis ou menos neste sentido (vertical) no tempo en que se rendeu culto na igrexa de San Martiño [foto XMLS]

O couto e o pazo das Edreiras

O lugar das Edreiras -que eclesiasticamente é da parroquia de San Adrián de Castro e civilmente da de San Martiño de Meanos- foi o centro dun pequeno couto señorial que nos tempos pasados contaba con xurisdición propia: un xuíz propio, delegado do señor do couto, con xurisdición civil e criminal. No ano 1753 tiña 10 veciños.

Na casa das Edreiras confluíron os apelidos fidalgos dos *Bermúdez* e dos *Leis*: no séc. XVII casa dona Luísa Bermúdez -señora das Edreiras e Mira- con don Martiño Rodríguez de Leis, vinculeiro casa de Boallo-Berdoias (fillo de Martiño de Castiñeira e neto de Afonso de Lema II de Berdoias). A familia acrecentará o seu patrimonio na xeración seguinte, en casando a súa filla dona María Quiteria Bermúdez de Castro con don Francisco de Leis Vilardefrancos, da casa de Soesto. O seguinte herdeiro foi don Rodrigo Sancho de Leis, que casara en 1746 con dona Josefa de Santiyán, dama fidalga que viñera da vila de Santillana de Piélagos (na actual Cantabria). A finais do séc. XIX estas propiedades foron herdadas pola familia Blanco-Rajoy, oriúnda de Verín (Ourense).



A gran escaleira e patín do pazo das Edreiras, nunha das excursións organizadas polo Concello de Zas en 2015 [foto EDR]

O pazo presenta unha aparente planta en -L-, co brazo curto disposto cara ó sur e o longo cara ó oeste; exteriormente podemos contemplar o seu patín e corredor cuberto disposto cara ó leste, para recibir as primeiras luces do día, e unha monumental escaleira de acceso. No seu interior destaca a cociña, coa súa lareira, e a antiga tulla, hoxe reconvertida en sala de estar.

Tamén se aprecia exteriormente a *capela da Virxe do Rosario*, coroada por unha pequena espadana, que se adosou á parede leste. Fundouna en 1738 Felipe Bermúdez de Leis, cura que foi de Solbeira, preto de Viana do Bolo (Ourense); nas cláusulas da fundación prohibese que o cura-párroco de San Adrián se entremeta nesta fundación, "*como ni tampoco ningún Obispo, Arzobispo, sus Provisores, ni Visitadores*", de aí que os sucesivos visitadores pastorais se absteñan en todo tempo e lugar de lle facer algunha visita. Esta capela conserva no seu interior un retabliño barroco do séc. XVIII, xunto cunhas interesantes imaxes da Virxe do Rosario, santa Lucía e san Roque, do mesmo estilo e época.



Capela da Virxe do Rosario das Edreiras [foto EDR]

Conflito entre veciños de Meanos a causa da introdución do millo (1684)

O millo, cereal procedente da América, entra en Galicia a principios do séc. XVII e acabará roubándolle incluso o nome ó antigo millo, que pasará a chamarse *millo miúdo*, para diferencialo do *millo, gordo, maízo* ou *millo a secas*. O seu cultivo xa estaba bastante espallado polas comarcas da Galicia atlántica (Rías Baixas) na década de 1630, e nas seguintes gañará as terras do interior. O cultivo do millo vai provocar a eliminación dos barbeitos, a multiplicación e diversificación da despensa dos cereais e un retroceso do gando, privado de moitas zonas de pastos. O triunfo do millo vai ser posible grazas ás vantaxes que viu o labrego no seu cultivo: altos rendementos (dez veces superiores ós do centeo), ciclo vexetativo curto entre a primavera e o outono, e fácil panificación (a *broa*, que quitou moita fame). O incremento da poboación de Galicia do século XVIII non se entendería de non contar con dúas importantes novidades agrícolas vidas da América: o millo e a pataca (esta xa a finais da centuria).

Certos estudos históricos certifican que o cultivo do millo xa se impuxera notoriamente nas Terras de Xallas e de Soneira por 1650, converténdose nun elemento indispensable no réxime alimentario. Parece ser que por 1680-1690 este cultivo xa estaba ben consolidado. Con todo, un curioso documento de 1684 fálanos dos problemas que aínda por estas datas está ocasionando a introdución do cultivo deste cereal na parroquia de Meanos, que orixinou un preito entre dous veciños "innovadores" e outros 28 que se senten prexudicados.

O documento publicouno o historiador xalleiro B. Barreiro Mallón, no seu libro *La Jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII* (1978). Por ser moi longo este documento, limitámonos a transcribir unicamente algúns dos parágrafos máis significativos, respectando a aínda non normativizada ortografía do castelán da época.



Cabazo antigo en San Martiño (foto XMLS)1

Dous veciños de Meanos, Benito e Pedro Posse de Gabín, acusan perante a Xurisdición de Xallas, en Santa Cataliña de Armada (Santa Comba) a outros veciños da súa mesma parroquia de lles estragaren unha plantación de millo porque botaron o gando dentro da súa agra:

*"Allandosse aziendo Audiencia Publica Su merced Jossephe de Figueroa, teniente de Juez y Justicia hordinaria deste Juscgado de Jallas, delante del parecio Benito y Pedro Posse de Gabin, vezinos de la feligresia de san Martiño de Meanos [...] e ycieren relacion que en los terminos del lugar de Meanos, donde biben, ai la agra que se dice y llama agra grande, en la qual tienen senbrado mucha cantidad de **mijo grueso**, el qual, maliciosamente, algunas perssonas pretenden destruírselo y arruinarlo con ssus ganados, sobre que pedieron cunplimiento de Justicia y que aziendole para semejante caso, debia ponerse secresto y perpetuo silencio y mandar que debajo de grabes penas, ninguna perssona fuese osada a echar en dicha agra ganados mayores ni menos asta entanto que dicho mijo fuesse rrecogido en las airas.*

Que visto por ssu merced dicho teniente la rrelacion antecedente [...] desde luego dijo ponia y pusso sequestro en dicha Agra por el termino y tiempo que dicho mijo estubiere por coger y fuere necessario estar en el territorio para que crie grano. Dentro del qual mando que ninguna perssona ssea ossada a echar en ella bueis ni bacas ni otros ganados mayores ni menores y al que lo contrario yciere, desde luego le abia y ubo por condenado en ducientos maravedis que desde luego aplico para reparo de la fortaleza desta Jurisdicion [...]" (4 xullo de 1684).

Os 28 veciños denunciados e condenados alegan que non lle fixeron dano ó millo ó levaren alí o seu gando, pois xa se recollera o froito e unicamente se aproveitaron os restroballos; acusan ó tenente da xurisdición de estar subornado polos donos da agra:

"Rosendo de Oreiro, en nombre de Miguel Rodriguez Alonso, procurador de la jurisdicion de Jallas, que hace por lo que le toca y en nonbre de Antonio de Espasandin y Juan y Gomez despassandin, Antonio Juarez, Adrian Gonçales, Felipe da Ynsua, Luis Amigo y mas veçinos de la feligresia de san martin de Meanos y lugares de Mamoá, Jestoso y Churia, ante y como mas aya lugar, con querella, queja y agravio del Juez y Justicia hordinaria de la Jurisdicion de Jallas, su theniente, escrivano y mas culpados. Y digo que dicha justicia solo por tener ganancia procede contra dichos vezinos a pedimiento y solicitud de Benito y Pedro de Gabin, por una maliçiosa queja y querella que a Vuestra razon an dado vontra mas de veinte y ocho onbres de dichos vezinos por solo aver apastado sus bueis en unas retrebejas de unas agras despues de aver recojido los frutos dellas, siendo ansi que no an echo daño ni agravio porque despues de que se quitan los frutos y paja dellas se acostumbra apastar los bueis y ganados mayores antes de abrirlas para bolverlas a labrar; y dicha justicia por thener ocasion de proceder y en particular dicho theniente con quien los dichos vezinos tienen amistad se an balido de un sequestro que antecedentemente se avia puesto estando los frutos en ellas siendo ansi que lo habia llebantado de la licencia

firmada de dicho theniente, y presento y juro que en virtud dello, sin causa ni razon les a condenado a cada uno de dichos vezinos en seis reales que pretenden cobrar dellos y muchas costas y con esta ocasion se les molesta siendo unos pobres labradores y en tienpo de trabajo y sin razon ni forma se quiere cobrar una cantidad dellos y destruírles solo por usar de lo suio" (...). [BARREIRO MALLÓN; 1978: 694-698].

Os 28 veciños van levar o preito á Audiencia do Reino de Galicia (28 setembro 1684), na cidade da Coruña. Seguen alegando que non cometeran delito ningún, sendo a multa de seis réas para cada un destes "pobres labradores" totalmente inxusta, pois eles limitáranse a "usar de lo suio" en base ó dereito tradicional do rabusco (aproveitamento dos restroballos despois da colleita). Negan unha vez máis que botaran os bois na agra allea cando estaba o millo plantado e seguen acusando ó tenente da xurisdición de flagrante "amiguismo" cos donos da leira.



Possible tumba pétrea medieval nas dependencias dunha casa de San Martiño [foto XMLS]

Festas principais de San Martiño de Meanos

O patrón, san Martiño, ten a súa festa o 11 de novembro (non hai procesión relixiosa; ás veces hai verbena, outras non).

O 13 de xuño é o san Antón, festa pouco importante. O 10 e o 11 de agosto celébranse, respectivamente, a festa da Virxe do Carme e do Sacramento (teñen procesión, xantar familiar e verbena). O 13 de decembro, santa Lucía (festa moi pouco importante).

A aldea de Rial de Riba celebra particularmente a festa de san Xosé (o 19 de marzo) na capela que este santo ten neste lugar. Os veciños deste lugar restauraron esta capela recentemente, e gardan aquí a imaxe (antes viña desde San Martiño en procesión, e hai un anaco considerable).

Algunhas aldeas da parroquia repártense a organización dalgunhas festas: deste xeito, ademais da festa particular de Rial de Riba, o lugar de Meanos celebra e organiza o Carme, e as de Langueirón e Vila o Sacramento.

A Banda de Música de Meanos

Falando de festas e de música, cómpre que lembremos a popular banda de música que houbo en Meanos hai xa bastantes anos (polos anos corenta e cincuenta), conformada por veciños desta parroquia e das do entorno, case todos eles labregos de profesión. Amenizou moitas das festas da redonda. A xente aínda lembra hoxe ó seu director, Constantino, a quen se lle puxo de alcume "Morra o conto" por ser esta a frase que repetía ó acabar de tocar algunha peza ("*A ver, logo; morra o conto e veña un vaso de viño...*"). Tamén se recordan outros compoñentes, coma Fidel (que despois tocaría na banda de Santa Comba), Manolo, O Manquiño etc. Na parroquia de San Martiño de Meanos houbo, así mesmo, grupos de gaiteiros.



Banda de Meanos, contra os anos cincuenta do pasado século
[foto Vidal-Laxe]

Inventario dos bens do patrimonio de San Martiño de Méanos (segundo o PXOM)

Arquitectura	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial 2.- Capela do pazo das Edreiras 3.- Ermida de San Xosé (Rial de Arriba) 4.- Cruceiro do Igrexario 5.- Cruceiro en Rial de Arriba 6.- Cruceiro en Cruceiros de Diante (San Martiño) 7.- Cruceiro de Regueiro 8.- Casa reitoral 9.- Pazo das Edreiras 10.- Casa, hórreo e alpendres. Os Fidalgos 11.- Dous hórreos na Atalaia 12.- Hórreo en Rial de Arriba 13.- Hórreo en San Martiño 14.- Hórreo en Vila	15.- Castro de Froxán ou da Atalaia 16.- Mámoa do Cruceiro do Regueiro

Bibliografía

- BARREIRO MALLÓN, B. (1978): *La Jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII*.
- DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueológica del Ayuntamiento de Zas”, en *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (1992): “O Cristo de Meanos e as imaxes aparecidas” (*La Voz de Galicia*, ed. de Carballo, 11-01-1992).
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (2001): *Os mellores pazos da Costa da Morte*; Asoc. Neria, Santiago de Compostela.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) et alii [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.